



IV CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL

■ Un ano mais coa chegada do Nadal ás portas o departamento de cultura volve lanzar o Concurso de Tarxetas de Nadal que tan ben está sendo acollido pola cativada de Vedra. A tarxeta que resulte elixida polo xurado será a que o Concello utilizará como felicitación institucional para as festas deste Nadal.

- Destinatarios: nenos e nenas ata os 12 anos.
- Haberá premios.

Para participar bótalle un ollo ás bases do concurso que están colgadas na páxina web de Vedra e tamén a disposición nos centros escolares e no departamento de cultura do concello de Vedra.

O prazo de entrega dos traballos estará aberto ata o 5 de decembro.

Toda a información e bases á túa disposición: No departamento de cultura do concello de Vedra, tf: 981 814 691 / cultura@concellodevedra.com / www.concellodevedra.com



Tarxeta gañadora do ano pasado realizada por Lola Valle Ledesma

UN DATO HISTÓRICO NO PARO EN VEDRA

■ Segundo a publicación económica Expansión na súa sección de datos macro, o pasado mes de setembro Vedra acadou unha das cifras máis positivas en relación ao paro da súa historia, converténdose no quinto termo municipal da provincia da Coruña cunha porcentaxe de 7,95% de poboación parada.

A cifra actual é de 178 persoas en situación de paro laboral en Vedra. Un resultado que agardamos siga a mellorar.

NOVEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

AXENDA PARA O MES DE NOVEMBRO

- IV Concurso Tarxetas de Nadal 2018.
- Nova ruta de **sendeirismo** o 17 de novembro.
- Obradoiro decoración nadal "**Anxeliñas de nadal**".

AXENDA DE ACTIVIDADES PARA A TERCEIRA IDADE:

- Teatro de maiores "**Urxencias**": Venres 2 de novembro.
- Excursión a **Allariz** o mércores 7 de novembro.
- Baile e magosto o 18 de novembro.
- Bingo o 22 de novembro.

AXENDA ASOCIATIVA PARA NOVEMBRO

- O 24 de novembro II **Cross do Souto do Club Olímpico de Vedra**.
- O 25 de novembro II **Andaina da Asociación Berenguela pola Igualdade**.
- XIV Concurso de **carteis** para anunciar Teatrosfilia 2019
- O 1 e 2 de decembro "**Saídas Micolóxicas Cogomelar**" da Asociación AMABUL.

SIGAMOS SENDO + DE 5000

- Se es de Vedra, se vives en Vedra...
EMPADRÓATE EN VEDRA!!
SIGAMOS SENDO + de 5000!!



VEDRA DE TAPAS



Gañadores do concurso Vedra de Tapas.

■ Durante dúas fins de semana nove establecementos de Vedra acolleron esta iniciativa que mesturaba interese turístico, gastronómico e a intención de ser unha aposta diferente!!

Co bo sabor de boca que deixou tanto en hostaleiros, coma na organización e participantes presentamos os resultados do concurso, dos que tivo conta a comisión avaliadora:

O venres 19 de outubro, no salón de plenos do concello de Vedra tivo lugar a entrega de premios aos establecementos e participantes do Roteiro - Concurso Vedra de Tapas 2018.

- 1ª mención á mellor tapa: Croquetas de polbo á feira (Bar Barreiro)
- 2ª mención á mellor tapa: Larpeirada mariñeira (O fogar do avó)
- 3ª mención á mellor tapa: Tenreira ao San Simón (O fogar do avó)

Relación de premios dos agasallos do Roteiro Vedra de Tapas:

- Un lote de produtos locais: Ana María Botana Cebeiro.
- Un lote de produtos locais: Leonor Margariños Pisos.

- Un lote de produtos locais: Olaya Blanco.
- Unha tarxeta regalo por valor de 50 € para gastar nalgún dos establecementos do concello: Manuel Sánchez Barreiro.
- Unha tarxeta regalo por valor de 50 € para gastar nalgún dos establecementos do concello: Arturo Núñez Cajaraville.
- Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes do concello: Elena Fachal Pereira.
- Unha "Escapada Termal" con estanza para dúas persoas con almuerzo incluído, circuito termal...: Manuel Alonso Rodríguez.
- Gañadora dos 300 €: Cecilia Millán.
- Gañador do agasallo de grupo á foto máis votada no Facebook: Óscar Aldrey Álvarez.



Foto gañadora do concurso fotográfico no Vedra de tapas.



I CONCURSO DE CURTAS EXPRESS “A FUME DE CAROZO” DA ASOCIACIÓN SENUNPESO

Entre o 12 e o 14 de outubro tivo lugar o primeiro concurso de curtas express A Fume de Carozo dentro do marco do LAV.mov, organizado pola Asociación Senunpeso co obxectivo de sacar o LAV das aulas e promover a realización de pezas audiovisuais con Vedra como contexto e protagonista. Os equipos inscritos tiveron 50 horas para crear unha curtametraxe que cumprise uns requisitos sorpresa. O resultado final tivo unha gran calidade, o cal complicou aínda máis a decisión do xurado profesional, composto por Mela Casal, Alfonso Zarauza e Manuel García Torre. Finalmente consensuaron premiar dúas curtametraxes: o drama de ficción Siro, de Lucía Estévez, gravado no campo de fútbol de San Mamede e no que participaron veciños e veciñas de Vedra; e a peza experimental Os Remedios, realizada por Sara Iglesias, Laura LaMontagne, Patricia López, David Rodríguez e Ada Seoane, gravada na Capela dos Remedios de Trobe. Ambas as curtas repartiron os 1.000 euros de premio e levaron cadanseu galardón, deseñado polo artista Arturo Álvarez.



Participantes e profesorado dos obradoiros do LAV.mov do 6 e 7 de outubro.



Charla informativa sobre as Leis forestais galegas.



Día da maxia en Vedra.



Viaxe da terceira idade a Laredo, San Sebastián e Bilbao.



PRÓXIMA ESTACIÓN. ESPAZO PARA A CREAÇÃO E O EMPRENDIMENTO

■ Chega...

"Próxima Estación. Espazo para a creación e o emprendemento"

...Creas?

...Ofertas algo propio, diferente?

...Aproveita esta plataforma para mostrar a túa creatividade!

...O 14, 15 e 16 de decembro a Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla converterase nunha mostra interactiva, nun escaparate distinto, con actividades, obradoiros, presentacións,... onde a creatividade vedresa será sempre o punto común.

Queremos que o fervedoiro creativo e emprendedor que é Vedra sexa capaz de mostrar o seu verdadeiro potencial ... E tamén que a creatividade futura poida ir collendo ideas!!

Por suposto a iniciativa é aberta a toda a veciñanza e se queres participar ou queres informarte chama ao 663 893 398 (cultura) ou escribe a cultura@concello-devedra.com



MONOGRÁFICO NADAL

■ Case sen darnos conta estamos ás portas do Nadal!!

E para que este chegue aos nosos fogares organizamos unha tarde diferente para elaborar unha decoración de Nadal ben bonita.

- **Data:** Sábado 1 de decembro.
- **Hora:** De 16:30 a 20:00 h.
- **Lugar:** Casa das Artes de Vedra (San Fins de Sales).
- **Prezo:** 15 € por persoa. Inclúe materiais e elaboración.

Anótate no 981 814 691 antes do 26 de novembro e personaliza o teu Nadal!!



"Anxeliñas con coroa"

Educación



VEDRA MEDRA CHÁMASE ESTE CURSO EMOCIONA-T

■ O patrimonio, polo que ten de significado colectivo para calquera comunidade, posúe un alto compoñente emocional. E á emoción, a todo un universo de emocións imos apelar nas actuacións que

temos previstas para este 2018 e 2019.

Da man das persoas maiores achegarémonos aos lugares que a elas lles falan dun xeito especial, evo-

cando imaxes, despertando recordos, suscitando emocións...

Serán as súas narrativas sobre lugares vividos en Vedra e na contorna.



Tamén recolleremos con gravacións as súas historias de vida, de nenez, de xuventude, a familia, os amores, as perdas ou as superacións.

Ao tempo de traballo e de lecer daquela época que lles tocou vivir aproximaremos cun proxecto novo que denominamos "Bótame

un capio", destinado a recuperar o léxico patrimonial da zona da Ulla parcialmente esquecido ou perdido (o viño, a matanza, a elaboración do pan, os xogos e xoguetes...).

Sabido é que a maioría das emocións asociadas ao patrimonio se xeran a partir de evocacións, pero

tamén é verdade que a participación directa nas manifestacións culturais as desencadea. E o alumnado compartirá experiencias sobre o Entroido ullán da man dos pais, avós e veciños no obradoiro "Entroido rural tradicional da Ulla" que se vai desenvolver no centro educativo a partir do 20 de outubro como actividade complementaria de 17:00 a 18:30 os martes. Atenderemos tamén á recuperación e posta en valor dos "Ritos e tradicións en Vedra para vivir o Nadal á galega, as cantarelas".

E continuaremos coas saídas didácticas á contorna co propósito sempre presente de que o Concello de Vedra non sexa para a rapaza unicamente un espazo topolóxico senón un espazo existencial cargado de elementos materiais e inmateriais que cómpre descubrir.

Comezamos...

Vedra medra, POR UN PATRIMONIO VIVO!

Acompáñanos.

EDUCACIÓN

SENDEIRISMO

■ Ruta "Cambados - Illa de Arousa" (22 km)
Data: 17 de novembro.

Horarios e puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 8:00 h.
- Parada en Lestedo ás 8:10 h.
- Parada no Breixo ás 8:15 h.
- Parada en Hipercor ás 8:20 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:30 h.

Información e reservas no 981 814 691 antes do 15 de novembro.





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Teatro de maiores: "Urxencias".

Venres 2 de novembro ás 21:15 h. no Centro Social.

Representada polo grupo de Teatro de Maiores de Boqueixón.

■ Excursión a Allariz.

Mércores 7 de novembro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte e comida) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 24 de outubro no teléfono 981 814 695. As prazas e número de asento adjudicaranse por rigorosa orde de inscrición)

■ Baile e magosto.

Domingo 18 de novembro ás 18:00 h.



Curso "Apnea do sono, o mal do descanso".

Concurso de doces caseiros.
Baile con grupo musical.

■ Bingo

Xoves 22 de novembro ás 20:00 h.

LUDETECA. PROGRAMA CONXUGA PARA A CONCILIACIÓN

■ Dende o ano 1989 celébrase a conmemoración do Día Universal dos Dereitos da Infancia o 20 de novembro. É un día de alegría e tamén de pensar e reflexionar sobre a situación e a participación da infancia no noso Concello.

Este ano colocámonos as lentes de xénero para reflexionar sobre se os dereitos dos nenos e as nenas se cumpren do mesmo xeito e desterrar algúns mitos sobre que poden e non poden facer homes, mulleres, nenos e nenas.

Dende o proxecto Conxuga seguimos a traballar na educación para a corresponsabilidade e a igualdade a través de todas as actividades que desenvolvemos na actividade lúdica e a través do xogo.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro musical.
- Obradoiro de habilidades sociais, como pedir axuda.
- O Magosto.
- Experimentos divertidos. "A profesora Chifrada".
- Xogos reunidos.

- Xincana: "Os dereitos dos nenos e nenas".
- SuperChef.
- Contacontos: "Os dereitos dos nenos e nenas" e "contacontos contra a violencia".

Para calquera información poñerse en contacto no tf. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Actividade da ludoteca no mes de outubro.



Concello de Vedra



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

ESCOLA DE FAMILIAS

■ Recordal!: seguimos traballando para tratar temas do voso interese, polo que si desexas facer algunha suxestión ou tes especial preocupación por algunha temática fainos chegar a túa proposta a través do telf. 699 041 486 ou o mail carmen.sabio@concello-devedra.com



SERVIZO DE MADRUGADORES

■ O servizo de madrugadores continúa durante todo o curso escolar.

Para calquera información poñerse en contacto no telf. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



VEDRA EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos/as menores de 3 anos do concello de Vedra.



Trátase de traballar coas familias na procura de:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos e das menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do ambiente familiar como elementos educativos.
- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

Pensamos que *Vedra Educa* podería facilitarlle ás familias interesadas unha nova oportunidade de participar da aprendizaxe nesta liña pedagóxica.

As persoas interesadas contactar no teléfono 699 041 486 en horario de 9:00 h a 14:00 h. ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com.

PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EDUCATIVO MUNICIPAL

■ Lembramos que continuamos a prestar este servizo coa intención de:

- Facilitar o acceso aos distintos itinerarios formativos.
- Ofrecer información e orientación en cuestións educativas.
- Asesoramento ás familias sobre as posibles alternativas educativas.

Para calquera consulta pedir cita previa no teléfono 981 814 612 ou no enderezo electrónico: carmen.sabio@concellodevedra.com.



Concello de Vedra



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

■ Un home viola a unha muller, iso é violencia. Unha muller gaña menos que un home no mesmo posto de traballo, iso é violencia. Un adolescente maltrata á súa noiva, iso é violencia. Un grupo de amigos grítalle cousas a unha muller só para demostrar a súa “hombría”, iso é violencia. Un home cre que “a súa” muller é “o seu” obxecto, iso é violencia. E todo iso é responsabilidade nosa. De todos e todas.

Cada 25 de novembro celébrase en todo o mundo o “Día Internacional contra a violencia cara ás mulleres”. Esta data conmemora o asasinato das tres irmás Mirabal, o 25 de novembro de 1960, militantes opositoras á ditadura que exerceu, por máis de 30 anos, Leónidas Trujillo na República Dominicana.

Segundo a “Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller”, emitida o 20 de decembro de 1993, “enténdese por violencia contra a muller todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada”.

Por este motivo, durante o mes de novembro viremos desenvolvendo distintas actividades:

- Xincana para a prevención da violencia de xénero.
- Estudo “percepción da violencia de xénero dende a adolescencia”.
- Cineforum “Corta coa Violencia”
- Dinámica grupal no centro social da terceira idade “MENOS MITOS MÁIS IGUALDADE”

TI PODES CAMBIA-LAS COUSAS PARTICIPA!

Para máis información: tf: 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

MenosMitosMáisIgualdade

“se non es miña non es de ninguén”, “prefiro verte morta que con outro”, “os homes non choran”, “os homes son os que sustentan o fogar”, “as mulleres veñen cun chip para as tarefas da casa”

Iso é xustamente o que tenta derrubar a campaña “Menos Mitos Máis Igualdade”. Inicialmente serán seis os mitos que buscan transformar as crenzas e prexuí-

zos que perpetúan as relacións desiguais e a brecha de xénero dende todo punto de vista entre homes e mulleres.

Mitos que van sumándose de xeración en xeración como: “se non es miña non es de ninguén”, “prefiro verte morta que con outro”, “os homes non choran”, “os homes son os provedores do fogar”, “as mulleres veñen cun chip para as tarefas da casa”, etcétera, parecen frases inofensivas, pero son a base das violencias e as discriminacións de xénero.

Esta iniciativa tenta poñer freo e derribar eses mitos, polo que convidamos a diferentes personaxes da vida pública e á comunidade en xeral a que contedes as crenzas que vos inculcaron de nenos e nenas, “De nena dixéronme”, “De Neno dixéronme”

Animamos a toda a cidadanía a que envíen eses comportamentos, crenzas ou prácticas que debemos desmitificar o seguinte enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

Animáte e participa, MenosMitosMáisIgualdade!

MULLERES ASASINADAS AÑO 2018

49



II CROSS DO SOUTO DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Sábado, 24 de novembro de 2018.

Probas, distancias e horarios

- A partir das 16:00 Carreiras de categoría menores.
 - CARREIRA PREBENXAMÍN (nad@s en 2012 e posteriores) 200 metros
 - CARREIRA BENXAMÍN (nad@s en 2010 e 2011) 600 metros
 - CARREIRA ALEVÍN (nad@s en 2008 e 2009) 1200 metros
 - CARREIRA INFANTIL (nad@s en 2006 e 2007) 1800 metros
 - CARREIRA CADETE (nad@s en 2004 e 2005) 2500 metros
- A partir das 16:45 Carreiras Absolutas. 6300 metros
 - CARREIRA XUVENIL-JUNIOR (nad@s entre 2000 e 2003)
 - CARREIRA PROMESA-SENIOR (nad@s entre 1984 e 1999)
 - CARREIRA VETERÁN (nad@s antes de 1983)

Límite de inscritos

- 80 deportistas por carreira.

Nas carreiras absolutas en caso de que non se completen, a organización resérvase o dereitos de fusionalas.

Prezos das inscricións

- Carreiras absolutas 3,00 €.
- Carreiras menores 2,00 € de fianza. (Devólvense na meta)

Prazos de inscrición

- Dende o luns 29 de Outubro as 10:00 ata que se completen as prazas.
- Peche definitivo da inscrición mércores 21 de novembro as 14:00 en www.olimpicodevedra.org.

Recollida de dorsais

- Os dorsais recolleranse a partir das 14:30 horas na secretaría situada a carón da saída.

Premios e trofeos

- Non haberá trofeos nin premios económicos.

Outras consideracións

- A proba está organizada polo club Olímpico de Vedra e todos/as deportistas estarán cubertos por un seguro de accidentes.

II CROSS DO SOUTO
SAN FINS. VEDRA
SÁBADO 24 DE NOVIEMBRO DE 2018
A PARTIR DAS 16:00

CATEGORÍAS MENORES

- PREBENXAMÍN 200 METROS
- BENXAMÍN 600 METROS
- ALEVÍN 1200 METROS
- INFANTIL 1800 METROS
- CADETE 2500 METROS

CARREIRAS ABSOLUTAS
6300 METROS

- XUVENIL-JUNIOR
- PROMESA - SENIOR
- VETERÁN

inscríbete en www.olimpicodevedra.org

Ulla Oil
Ramsa Grupo Ferrovial
Concello de Vedra
AGUA KM CERO
Deputación DA CORUÑA
ABANCA
DEPORTE GALEGO
TRIECONCEPT
GALICIA SAUDABLE

II ANDAINA POLO BO TRATO DA ASOCIACION BERENGUELA

■ O vindeiro 25 de novembro queremos conmemorar o día en contra a violencia de xénero e seguir camiñando polo Bo Trato. Dende a Asociación Berenguela pola Igualdade propoñemos unha nova andaina que terá como punto de encontro a Carballeira do Souto (San Fins de Sales) ás 9:00 horas, lugar do que partirán dúas rutas alternativas. Ao remate poderemos compartir un espazo con música, petiscos, sorteos e agasallos.

Para unha maior previsión, anótate antes do 20 de novembro: chámamos ao 633 13 31 41 ou escríbenos a berenguelasociación@gmail.com



Entra na inscrición directamente neste código
Moitas grazas por camiñar con nós!



SAÍDAS MICOLÓXICAS COGOMELAR DA ASOCIACIÓN AMABUL

COGOMELAR

saídas micolóxicas
1 e 2 decembro 2018



Organiza  Colabora 

SÁBADO 1 DECEMBRO	15h00 Saída de campo Partiremos do pavillón de Vedra
	18h00 Charla micolóxica Introdución á micoloxía Principais cogomelos comestíbles Principais cogomelos tóxicos Recollida de cogomelos Recomendacións <i>PREZO_ 5 euros</i>
DOMINGO 2 DECEMBRO	08h30 Ruta "Serra do Xistral" Saída do pavillón de Vedra Ruta micolóxica Xantar agreste (por conta de cadaquén) Retorno sobor das 20h00 <i>PREZO_ 10 euros</i>

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS
 asoc.amabul@gmail.com
 616 506 675 ou 620 424 090

XIV CONCURSO DE CARTEIS TEATROFILIA 2019

■ A Asociación Cultural Papaventos convoca o concurso de carteis para anunciar a XVI Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia, que se celebrará no mes de marzo de 2019.

Poderán presentarse ao concurso todas aquelas persoas que o desexen, agás os membros da Asociación Cultural Papaventos e familiares directos. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.

Tema e características técnicas

- Os carteis teñen que versar preferentemente sobre algo relacionado co teatro. Non obstante, os participantes gozan de completa liberdade para

escoller o tema.

- Os/as creadores/as dos carteis que se presenten ao concurso serán responsables da orixe da obra e, se esta estivera inspirada nun traballo alleo, deberán dispoñer da autorización do seu autor/a.
- O tamaño dos carteis debe ser formato A3 (297x420mm).
- Poderán realizarse con calquera técnica (pictórica, fotográfica, informática, etc.).
- No cartel figurará rotulado: **Teatrofilia XVI Mostra de Teatro Amador de Vedra**
- É obrigatorio empregar a tipografía "Alba" para a palabra Teatrofilia. Esta pódese descargar no seguinte enderezo web: <http://www.fontreactor.com/>

- Deberase ter en conta que nalgún lugar do cartel irá a programación da mostra así coma os logotipos das entidades que fan posible Teatrofilia.
- O xurado deste concurso valorará a orixinalidade dos carteis, así como a súa eficacia comunicativa e o impacto e a calidade do deseño.

Presentación

- A data límite para a presentación de carteis é o 10 de xaneiro de 2019.
- En ningún caso o cartel deberá ir identificado co nome do autor/a nin con pseudónimo. Os participantes deberán presentar unha copia do seu traballo en tamaño folio. Dita copia e a identificación (nome e apelidos, número de teléfono e correo electrónico, data de nacemento no caso de ser participante do accésit infantil) do autor/a ten que presentarse nun sobre pechado. Sería deseable, aínda que non imprescindible, unha copia do traballo en soporte informático.
- Os sobres pechados xunto cos carteis poderanse presentar ata o 10 de xaneiro (inclusive) na Casa do Concello de Vedra ou a través de correo postal: Asociación Cultural Papaventos, rúa da Boca, nº 9 CP 15885, Vedra (A Coruña)
- Tanto nos sobres enviados por correo postal como nos presentados na Casa do Concello de Vedra deberá figurar na parte exterior o asunto: XIV Concurso de Carteis Teatrofilia 2019

Premios

- O autor/a do cartel gañador será premiado con 250 euros.
- Cada participante deste concurso será obsequiado cun bono para a vindeira edición de Teatrofilia que poderán recoller na súa billeteira.
- Do mesmo xeito, concederase un premio accésit ao mellor cartel infantil (3-12 anos).

Datos de contacto:

Asociación Cultural Papaventos - Andaravía Teatro
Rúa da Boca, nº 9 CP 15885, Vedra A Coruña
ac_papaventos@yahoo.es
www.asociacionpapaventos.blogspot.com
Tfno: 686 181 861 / 680 349 537



Vedra Festeira

Parabéns

FESTA EN MERÍN

MAGOSTO 2018
MERÍN - VEDRA
 DOMINGO 11 NOVEMBRO

SESIÓN VERMUT CO
TRIO PHANTOM
 A PARTIR DAS 14:00 h.

XANTAR NO CAMPO DA FESTA
 EMPANADA, CARNE Ó CALDEIRO, CASTAÑAS, POSTRE, CAFÉ E VIÑO

POLA TARDE PARA OS NENOS
 INCHABLES GRATIS
 E ACTUACIÓN DE:
 • **TRIO PHANTOM**
 • GRUPO CHANNEL
 • ORQUESTA COMPOSTELA

A JUAN MERA

■ Por converterse no campión de España de Kick Boxing Profesional na categoría - 78,1 kg. Un título que implica esforzo, traballo, superación e por suposto amor ao deporte.



AO CLUB DE MONTAÑA VÉRTICE

■ Pola súa brillante participación na XII Carreira por Montaña "Canón do Sil", en Parada do Sil, que este ano, a maiores de ser o campionato galego individual, foi elixida como campionato de España de Carreiras por Montaña de Clubs.

Nela o Club de Montaña Vértice, de Vedra, presentou-



se con dous equipos (masculino e feminino), destacando o equipo feminino, que acadou a sexta posición no Campionato de España, sendo o primeiro equipo galego tamén.

No Campionato galego individual, a corredora María Fabeiro foi 3ª da xeral e 1ª de veterana A. Tamén o seu compañeiro José Luis Gómez, acadou o 3º posto en veterano B.

Por último, tamén parabéns ao corredor local de Vedra, Hugo Arias, que acadou un posto moi importante na clasificación xeral do Campionato de España, por ser o primeiro Vértice en entrar na meta, con un tempo de 4 h. e 12 min."

Así NON

■ Xusto o que non se debe facer cando temos un Punto Limpo precisamente para levar estes residuos ou podemos chamar ao servizo de recollida de voluminosos "porta a porta" no teléfono 981 571 241 que pasa a recollelos polo domicilio cada 1º e 3º venres de cada mes e ademais é GRATUITO.



Xanela da Lingua

■ Lembramos os enlaces na rede para mellorar as capacidades en galego e tamén para poder acceder ao material de preparación dos diferentes niveis do Celga.

No enlace <http://www.lingua.gal/o-galego/aprenderlo/linguaxes-especificas/autoaprendizaxe> encontraremos en primeiro lugar diversos materiais que vos serán de grande interese se estades preparando algún dos Celga, podedes acceder a unidades didácticas, exercicios, test, etc.

Na mesma páxina están colgados ademais dous cursos en liña: un de linguaxe administrativa e outro de linguaxe xurídica de gran utilidade para que vos manexedes con documentos administrativos e igualmente podedes acceder ao plan de formación que cada ano no enlace http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprenderlo/contido_0125/plan-formacion-lingua-galega-

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.